

A microbióloga Alicia Estévez Toranzo, recoñecida co Premio Wonenburger 2018, en EDUGAL 2019.



A catedrática de Microbioloxía e directora do Grupo de Patoloxía en Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Alicia Estévez Toranzo, recoñecida polo Pleno da Unidade de Muller e Ciencia co Premio María Josefa Wonenburger Planells 2018, estará en Edugal 2019 -Salón de Oferta de Educación e Formación de Galicia- para compartir cos alumnos e alumnas que visiten a feira a súa experiencia e traxectoria como científica con vocación STEM.

O termo STEM, acrónimo en inglés de Science (Ciencia), Technology (Tecnoloxía), Engineering (Enxeñaría) and Maths (Matemáticas) dá nome a un novo modelo de aprendizaxe baseado na ensinanza das 4 disciplinas de xeito integrado en lugar de áreas de coñecemento separadas. Trátase de apostar pola innovación e aumentar o interese dos e das estudantes pola ciencia e a tecnoloxía.

Alicia Estévez Toranzo é licenciada en Bioloxía e Farmacia e catedrática de Microbioloxía da USC dende o ano 1991. As súas principais liñas de investigación en acuicultura se dirixen á caracterización fenotípica, antixénica e molecular de patóxenos de peces; el desenvolvemento de métodos de diagnóstico de patóxenos; a epizootioloxía; e a quimioterapia e vacinación en Acuicultura.

Durante a súa carreira promoveu unha ducia de patentes de vacinas que preveñen enfermidades en pescados de interese comercial, fundamentalmente rodaballo e troita.

Dirixe, xunto con Juan Luis Barja, o grupo de Patoloxía en Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela, un dos principais grupos de referencia competitiva de Galicia, no que traballan unha trintena de investigadores.

Os premios María Josefa Wonenburger Planells, promovidos pola Xunta de Galicia a través da unidade de Muller e Ciencia, buscan resaltar as traxectorias relevantes de mulleres nos sectores da ciencia e a tecnoloxía, e o seu nome pretende ser unha homenaxe á figura da matemática coruñesa, pioneira e referente feminino internacional por ser unha adiantada ao seu tempo.

Baixo o título “Impulsando as Vocacións STEM: Experiencia e traxectoria dunha científica Premio Wonenburger”, a charla, promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade e programada dentro das actividades de EDUGAL 2019, será o vindeiro xoves 28 de febreiro ás 12:00h no Recinto Feiral de Pontevedra. Tanto a entrada á feira como á charla é totalmente gratuíta.